



## O SERVIZO DE ANATOMÍA PATOLÓXICA ESTREA NOVA UNIDADE DE NECROPSIAS NO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO

- *O director xeral de Asistencia Sanitaria visitou as novas instalacións, nas que a Xunta de Galicia investiu preto de 300.000 euros*
- *A nova área permite que os profesionais poidan practicar necropsias de nivel de bioseguridade 3, o máximo nivel de protección para o seu traballo*
- *O servizo de Anatomía Patolóxica realiza un centenar de autopsias clínicas anuais*

**Vigo, 13 de novembro de 2023.** O servizo de Anatomía Patolóxica do Álvaro Cunqueiro estreou unha nova Unidade de Necropsias. O director xeral de Asistencia Sanitaria, Jorge Aboal, visitou as novas instalacións, nas que a Xunta de Galicia realizou un investimento de preto de 300.000 euros.



O obxectivo desta obra de reforma era que os profesionais de Anatomía Patolóxica puideran practicar en Vigo necropsias de nivel de bioseguridade 3, o máximo nivel de protección para o seu traballo, garantindo a súa seguridade fronte a axentes infecciosos. Así, agora nesta nova sala pódese realizar calquera tipo de autopsia clínica, con independencia dos patóxenos causantes do éxito.

A obra consistiu basicamente en potenciar a presión negativa da sala de Autopsias, e dotar a área dunha esclusa con dobre circuíto de acceso, de entrada e saída.

O servizo de Anatomía Patolóxica realiza un centenar de autopsias clínicas anuais.